



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 26 DE FEBREIRO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 09:30 horas do día 26 de febreiro de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 23-02-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Santos Hector Rodríguez

Vocais:

Dna. Susana García Alvarez.

Dna. Catalina Alfayate Rodríguez

D. Manuel Xosé Lorenzo Penela

D. José Angel Otero Lamas (asiste ao apartado 5a) e 6 a)).

D. Fernando Carballo Villar (asiste ao apartado 2 a), 3 a) e 4 a))

D. Pablo Olmos Pita (asiste ao apartado 1).

Secretario: D. José Manuel Vieites Alén

ORDE DO DÍA:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión de 27-01-2016

Aprobase o contido da acta da Mesa de Contratación celebrada o 27-01-2016 cos votos a favor de Dna. Catalina Alfayate Rodríguez, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, D. Pablo Olmos Pita e a abstención de D. Santos Hector Rodríguez por non ter a sistido a dita reunión.

b) Acta da sesión de 29-01-2016

Deixase pendiente a aprobación da acta para a corrección dun apartado.



c) Acta da sesión de 02-02-2016

Aprobase o contido da acta da Mesa de Contratación celebrada o 02-02-2016 cos votos a favor de Dna. Catalina Alfayate Rodríguez, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, D. Pablo Olmos Pita e a abstención de D. Santos Hector Rodríguez por non ter asistido a dita reunión.

d) Acta da sesión de 04-02-2016

Aprobase o contido da acta da Mesa de Contratación celebrada o 02-04-2016 coas modificacións efectuadas neste acto, cos votos a favor de Dna. Catalina Alfayate Rodríguez, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, D. Pablo Olmos Pita e a abstención de D. Santos Hector Rodríguez por non ter asistido a dita reunión.

e) Acta da sesión de 10-02-2016

Deixase pendiente a aprobación da acta para a corrección dun apartado.

2.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos.

a) Procedemento negociado con publicidade para a contratación da explotación do servizo de cafetería e de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos no Parque das Ciencias de Vigo. (expediente 6603-12).

Faise entrega do informe de valoración de criterios valorables mediante formula e clasificación das ofertas presentadas asinado o 23-02-2016 polo Director de Réxime Interior do Zoo D. Fernando Carballo Villar.

3-Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos.

a) Procedemento negociado con publicidade para a contratación da explotación do servizo de cafetería e de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos no Parque das Ciencias de Vigo. (expediente 6603-12).

A mesa por unanimidade acepta o informe de valoración de criterios valorables mediante formula e clasificación das ofertas presentadas asinado o 23-02-2016 polo Director de Réxime Interior do Zoo D. Fernando Carballo Villar.

Acorda, asimesmo, solicitar do servizo xestor ampliación de información en canto os requisitos que deben presentar os licitadores nas súas ofertas pero que non foron obxecto de valoración na determinación dos criterios de negociación.

4.- Propostas de clasificación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 06:01	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AD4E-C2445D-86D5B6-VXN1BA-EYD784-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

a) Procedemento negociado con publicidade para a contratación da explotación do servizo de cafetería e de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos no Parque das Ciencias de Vigo. (expediente 6603-12).

Non se tratou este asunto xa que se solicitou unha ampliación de informe.

Deixase pendiente este sa

5.- Incidencias.

a) Dar conta do escrito presentado por Ingesan Ohl respecto da súa exclusión do procedemento aberto para a contratación da subministración de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente das diversas instalacións deportivas dependentes do Instituto Municipal de Deportes.

A mesa queda enterada do escrito presentado por Ingesan Ohl respecto da súa exclusión neste procedemento e acorda que se lle traslado ao licitador do informe que sobre este asunto asinou o 24-02-2016 o Director Deportivo e xefe da Unidade Técnica, D. José Angel Otero Lamas .

b) Solicitud de ampliación do prazo para a emisión do informe de valoración dos criterios valorables mediante xuízo de valor presentadas ao procedemento aberto para a contratación do mantemento de instalacións de alumado público, tuneis, pasos inferiores, galerías de servizos, fontes e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo.(expediente 15857-444).

Vista a solicitud de ampliación do prazo para a emisión do informe de valoración dos criterios de valoración mediante xuízo de valor das ofertas presentadas, a Mesa acorda outorgar unha ampliación do prazo en outros dez días.

6.- Proposta de adxudicación.

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 06:01	Páxina 3 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AD4E-C2445D-86D5B6-VXN1BA-EYD784-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

producción de auga quente das diversas instalacións deportivas dependentes do Instituto Municipal de Deportes.

Vista a documentación presentada polo licitador Gas Natural Servicios SDG, S.A., a mesa acorda outorgar un prazo de tres días para que complete coa seguinte documentación a xa aportada:

- Xustificante de pagamento da póliza de responsabilidade civil aportada.
- Certificado de estar inscrito no Rexistro de licitadores da Xunta de Galicia ou no seu defecto a documentación esixida na cláusula 8 apartados 1, 2 e 5 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 09:55 horas. De todo elo eu secretario dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

O Secretario

D. Santos Hector Rodríguez

D. José Manuel Vieites Alén



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 06:01	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AD4E-C2445D-86D5B6-VXN1BA-EYD784-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		